

A NOIVA VESTIDA DE NEGRO

François Truffaut, 1968

1157

ESTREA EN NUMAX: 17.08.2023 | V.O.S.E. | 107 min

Ao saír da igrexa tras a súa voda, Julie Kohler ve como o seu marido é abatido a tiros. Decidida a vingarse a súa morte, emprende a busca dos responsables para matalos un tras outro...

«Un matrimonio entre a Nouvelle
Vague francesa e a tradición de
Hollywood»

Roger Ebert, CHICAGO SUN-TIMES



A NOIVA VESTIDA DE NEGRO

François Truffaut, 1968

EUROPA
CINEMAS
Creative Europe MEDIA

Cinco cousas que cómpre saber sobre A noiva vestida de negro

Por Floriane Reynaud

Inspirado nunha novela de William Irish

Ao igual que *A serea do Mississippi* (1969), François Truffaut buscou inspiración na obra de William Irish. Estreada un ano antes da obra mestra protagonizada por Catherine Deneuve e Jean-Paul Belmondo, *A noiva vestida de negro* pon en primeira liña a unha muller atractiva e letal. *The Bride Wore Black* publicouse en 1940 e supuxo o primeiro éxito detectivesco do autor estadounidense que até entón publicara os seus relatos na prensa. Hai grandes diferenzas entre a novela e a súa adaptación cinematográfica: ao final do libro, a asasina decátase de que matou persoas inocentes.

A relación Hitchcock-Truffaut

François Truffaut considera a Alfred Hitchcock un mestre. Mentres escribía o guión d'*A noiva vestida de negro*, o director encontrábase en medio dunha entrevista co mestre do suspense e preparaba o seu libro *El cine según Hitchcock*, que se publicaría en 1966. Na súa adaptación da novela de William Irish, François Truffaut modifica un pouco a historia para cinguila aos “principios hitchcockiáns”. Varios críticos da época tamén subliñaron o éxito do filme e as similitudes entre a súa construción e as das obras de Alfred Hitchcock. Para *A noiva vestida de negro*, contou coa banda sonora de Bernard Herrmann, compositor habitual do director británico.

A viúva negra

No cinema, a viúva negra tomou diferentes formas. A de François Truffaut é unha aparición fantasmal pero moi real e presaxio de desgrazas. Durante unha entrevista, Jeanne Moreau compara a heroína con dous personaxes da mitoloxía grega: Medea e Medusa. Dúas magas irresistibles pero aterradoras que sementaron o terror entre os homes. Para a actriz, a reacción de Julie Kohler é perfectamente proporcionada: “Víngase do que estes homes lle fixeron ao seu marido. Pero ela tamén é unha vítima colateral”.

A visión feminina

En lugar de facer que o suspense sobre o desenlace da historia dure até o final, François Truffaut ofrece as respostas ao espectador na metade do filme. No segundo treito, o director céntrase noutro tema: os vínculos entre o amor e a morte. Julie está rodeada de homes inmaturos e covardes e só ten unha idea en mente, a vinganza. Porén, inicia relación cun deles, o artista Fergus, e toda a arte de Truffaut acada forma propia a partir de entón.

Kill Bill

Moito máis tarde, a velenosa criatura encarnada por Jeanne Moreau inspirará outra heroína vingadora, a moza encarnada por Uma Thurman en *Kill Bill* (2003) de Quentin Tarantino. Aínda que o director estadounidense nega terse inspirado nela hai similitudes claras. Os asasinos son cinco e ambas viúvas fan unha listaxe coas súas futuras vítimas. As heroínas tachan o nome dun deles nun avión e en ambas a morte da cuarta *vendetta* segue a ser un misterio durante moito tempo. Finalmente, Truffaut e Tarantino xogan cos nomes das súas heroínas, Jeanne Moreau só revela o seu ás vítimas uns segundos antes da súa morte. En canto a Uma Thurman, a súa identidade permanece en segredo até o final.

Publicado en vogue.fr
Traducido do francés.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Hitchcock Truffaut,
Kent Jones.
Karma [DVD]

François Truffaut,
Antoine de Baecque e
Serge Toubiana.
Gallimard, 2001

El cine según Hitchcock,
François Truffaut.
Alianza Editorial, 2015